



MESA SECTORIAL

27/01/2026

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2025.

ANPE Galicia exige de novo que se retire o proceso de nomeamento de inspectores accidentais e que as vacantes se cubran como listado de substitucións. **A administración non da resposta.**

Aprobábase a acta da sesión anterior unha vez feitas as alegacións por parte das organizacións sindicais.



2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS DESTINADAS AO PROFESORADO PARA A REALIZACIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS PARA A MELLORA DA SÚA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA E COMUNICATIVA (PLAN PIALE PARA O ANO 2026).

ANPE Galicia mostra o seu desacordo con este modelo de formación en linguas estranxeiras, que debe ser de xestión directa. **A administración asegura que a xestión directa e inviable.**

Comunícanse varias queixas contrastadas dos participantes, especialmente en Canadá. Ademais, transmítense carencias organizativas, polo que insistimos en: **garantir uns mínimos de calidade, non volver a contar coas empresas que**

prestan un servizo deficiente, que o profesorado participante o faga pola súa especialidade, mellorar a calidade das asignacións (habendo mesmo profesorado non correspondente ao seu perfil), prohibir subcontratos a empresas intermediarias, valorar o emprego de hoteis residenciais no canto de hospedaxe con familias, esiximos o cumprimento dos pregos e que as baixas se cubran dende o primeiro día. A administración resposta que as datas complican dar solución ao problema dunha hospedaxe que non sexa en acollemento de familias.

Por outra banda, solicitamos que na Modalidade 2 os seus participantes queden fóra de ter que formar parte dos tribunais das oposicións, isto é, que poidan renunciar. **A administración resposta que chamaron un a un a todo o profesorado nesta situación da convocatoria anterior. Valorarán non si, incluído no texto final.**

No artigo 1 demandamos que se amplíe o número de prazas ofertadas, xa que van minguando ano a ano.

No artigo 3 consideramos que se deben incorporar ao profesorado de ensinanza especiais, EOI, CMUS, PT e AL; cunha formación igual ca o resto do profesorado. **A Administración resposta que así o fará e que incluírá a todo o profesorado.**

No artigo 4.2 aprémiase a administración a modificar o prazo que establece de 15 a 20 días hábiles. **A administración resposta que o estudará.**

De novo, pídese que se oferten prazas de italiano.



MESA SECTORIAL

27/01/2026

No artigo 5, desde ANPE Galicia consideramos que existe unha incongruencia entre a prazo de presentación de solicitudes e o proceso posterior dunha posible enmenda. Neste punto aprémiase a que administración modifique os prazos que fixa para dar 10 días hábiles a esta casuística, a cal pode levar a unha chuvia de reclamacións, que deberán ser aceptadas, ao non respectar a lei que regula o proceso administrativo. **A administración resposta que o revisará, logo do oportuno asesoramento.**

No artigo 11 faise referencia ás licenzas por formación. Debe terse en conta que desde o curso pasado hai licenzas sen retribución. Non ten sentido excluír da participación neste programa a quen está nunha licenza por formación non retribuída xa que non está gastando ningún orzamento público. **A Administración acepta esta proposta de ANPE.**

No artigo 13 denunciámos que hai unha redución de orzamento novamente con respecto ao curso pasado. Demandamos que se cubra todo o orzamento e non queden prazas desertas, acumulando as que poidan quedar vacantes a outras modalidades establecendo unha serie de criterios para dita acumulación.

No artigo 17, demandamos que a certificación de horas de formación sexa maior das 50 horas.

No Anexo II (Baremo) demandamos que se equilibre a puntuación e que se faga un baremo unificado. Non consideramos axeitado que se asigne practicamente a mesma puntuación a impartir cursos que a recibilos (sempre debe primar a impartición). No apartado 1 debemos ir a un máximo de 6 puntos. No apartado 2.1 debemos ir a un máximo de 4 puntos. No apartado 2.2 debemos ir a un máximo de 4,5 puntos. No apartado 2.4 debería baixarse a puntuación máxima a 2 puntos para primar a persoas que nunca participaron. Débese manter a puntuación do apartado 2.5. No apartado 2.6 somos partidarios de falar de 10 anos, consideramos que debería

darse a puntuación máxima a todos os solicitantes que non participaron nunca, puidendo chegar aos 18 ptos. **A administración admite que debe facerse un baremo unificado e traballarán niso.**



3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIONS.

- ANPE demanda, como fixo varias veces por escrito, **que se modifique o protocolo de alerta escolar** asumindo a Consellería as súas responsabilidades neste sentido e non deixando que recaian sobre o centros educativos. Deben establecerse normas claras que primen sempre a seguridade da comunidade educativa
- **ANPE demanda unha revisión en profundidade do protocolo de alertas meteorolóxicas** para que non sexa o equipo directivo dun centro o que determine se este abre ou non, tendo en conta ademais os desprazamentos do profesorado dende o seu domicilio ata o seu posto de traballo para determinar se deben acudir ou non. **A este respecto, vimos de solicitar por rexistro, e agora o facemos aquí, un permiso retribuído de 4 días por causas meteorolóxicas adversas, que xa está incorporado no Estatuto dos traballadores e falta asemellalo ao colectivo docente.**
A administración resposta que é sempre para eles unha prioridade a seguridade de toda a



MESA SECTORIAL

27/01/2026

comunidade educativa e que o estudará.

- Demandamos que os protocolos estean a dispor dos docentes nun lugar visible na web da Consellería, e seren publicitados de xeito correcto. Tamén actualízalos para non complicar a súa aplicación xa que, pode ter implicacións xudiciais.
- **Denunciar de novo o atraso na percepción de trienios e sexenios e tamén a membros de tribunais. Demandamos que se paguen os intereses de demora.**
- Reorganizar a estrutura das NEAE, sendo asunto este de vital importancia na actualidade.
- Demandamos novamente que se estableza a posibilidade de elaborar listaxes de substitucións de inspección elaboradas a partires dos aspirantes que se presenten ao proceso selectivo e non acaden praza tal e como demandou ANPE na última Mesa Sectorial da orde de convocatoria de oposicións. Non se pode repetir unha convocatoria de inspección accidental como a que se fixo e que está denunciada mediante recurso por parte de ANPE. **A administración non da resposta.**
- Solicitamos a elaboración de baremos unificados para distintas convocatorias da Administración educativa.

- Solicitamos información e/ou reunións para contrastar as prazas estruturais e as súas características antes da resolución provisional do CXT. Anexamos un escrito a acta desta sesión. **A administración recolle este escrito e o anexará á acta.**
- Oposicións: deben pecharse as prazas por especialidades.
- Demandamos, unha vez máis, a actualización da Orde de licenzas e permisos, sendo xa un documento obsoleto.
- Alertamos o aumento de conflictividade nas aulas, mesmo en Educación Primaria, solicitando unha serie de accións enérxicas por parte da administración e dando instrucións claras ao corpo de inspección para unificar criterios.
- Transmitimos a preocupación do profesorado de medio rural sobre poder perder o seu posto de traballo. Solicitamos aclaracións e recordamos que este colectivo está rexido polas normas de educación e non polas de Medio Rural.
- Solicitamos que se poidan achegar documentos para datos persoais durante todo o ano, a norma así o di e non se está a cumprir, complicando a actualización do expediente do profesorado.